

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

1-. Volume de edición: número títulos en galego (1983-2022)

Ano	ISBN	FGEE
1983	273	
1993	1.058	
2003	1.828	1.112
2007	1.992	1.295
2008	2.482	1.368
2009	2.121	1.577
2011	2.130	1.587
2013	1.426	1.747
2019	1.254	1.776
2021	1.545	1.715
2022	1.717	1.855

A serie de datos da primeira columna, *ISBN*, recóllense dende 1988 na *Panorámica de la Edición Española de Libros*, interrompida en 2019 e só parcialmente substituída pola estatística sobre a edición en España, sen detallar datos por linguas, ambas as dúas publicadas polo Ministerio de Cultura.

A serie de datos da segunda columna, *FGEE*, está tomada dos estudos anuais publicados desde 1993 pola Federación de Gremios de Editores de España como *Comercio interior do libro*. En 2007 e 2011 realizáronse especificamente para o libro en galego. A fonte dos datos é o cuestionario cuberto polas propias editoras.

As diferencias entre as dúas columnas obedecen a criterios de cómputo, a que houbo editoras que non declararon no seu momento a súa produción e logo a regularizaron e ao feito de que o libro galego non foi editado só en Galicia polas editoras da AGE, cuxa achega estimamos no 71,5 % do total. En todo caso, **a media do volume anual de edición entre 2003 e 2022** foi para *ISBN* de **1.741** e para *FGEE* de **1.556**.

Nas catro décadas consideradas, nas dúas primeiras (1983-2003) prodúcese un incremento sostido, mentres nas dúas posteriores (2003-2022), despois de chegar en 2008 coa cifra máis elevada, probablemente un efecto estatístico froito dunha regularización, estabilizouse, primeiro, arredor dos 2.000 títulos e despois dos 1.600 títulos anuais.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

2-. Volume de edición: número títulos en galego, catalán e éuscaro (1983-2019)

<i>Ano</i>	<i>1983</i>	<i>1993</i>	<i>2003</i>	<i>2013</i>	<i>2019</i>
Catalán	2.375	5.905	8.160	7.920	6.978
Éuscaro	379	1.159	1.528	1.396	1.254
Galego	273	1.058	1.828	1.426	1.254

Corresponden a referencias de ISBN. No catalán non se contabiliza a edición realizada na Comunidade Valencia, o que incrementa as cifras. Secasí **a edición en catalán quintuplica á galega e euscalduna.**

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

3-. Catálogo dispoñible en librarías de libro galego (1995-2021). FGEE

<i>Ano</i>	<i>Títulos en catálogo</i>
1995	3.190
2003	6.290
2007	8.507
2009	8.731
2011	10.208
2013	13.953
2021	16.660

Corresponden a referencias estimadas nos estudos de Comercio Interior da FGEE.

Nas tres últimas décadas **o catálogo do libro galego dispoñible** (por declaración das editoras) **multiplicouse por cinco**, canto menos.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

4-. Volume de edición en galego por tipo de edición en % de referencias de ISBN (1983-2019)

<i>Ano</i>	<i>1993</i>	<i>2003</i>	<i>2013</i>	<i>2019</i>
Texto	33,5	29,0	27,3	10,0
Literatura	17,0	21,0	28,5	29,0
LIX	12,0	20,8	22,9	27,8
Resto	37,5	29,2	21,3	33,2
Referencias	1.058	1.828	1.426	1.254

Dúas tendencias crúzanse nas tres últimas décadas o **crecemento da LIX e da Literatura** e a **perda de peso progresivo do libro de texto** sobre o que se construíu nas tres primeiras décadas (1983-2013) o catálogo do libro galego.

É significativo que os tipos de edición promocionados na **canle escolar** supuxeron durante décadas máis da **metade do volume de títulos**: 45,5 % (1993), 49,8 % (2003) e 50, 2 % (2013).

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

5-. Volume de edición en galego por tipo de edición en % de número de exemplares impresos (2003-2021). **Referencias FGEE.**

Ano	2003	2007	2011	2021
Texto	41,1	37,4	35,1	20,4
Literatura	13,3	13,7	21,8	36,3
LIX	25,6	35,7	25,8	25,6
Resto	20,0	13,2	17,3	17,7
Exemplares	2,014	2,128	2,340	0,927

Dúas tendencias crúzanse nas dúas últimas décadas o **crecemento da Literatura e a perda de peso progresivo do libro de texto.**

É significativo que os tipos de edición promocionados na **canle escolar** supuxeron **bastante máis da metade do volume de exemplares impresos en galego**, 66,7 % (2003), 73,1 % (2007) e 60,9 % (2011), mentres que diminuíu na derradeira década, 46,0 % (2021).

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

6-. Tirada media en galego (2003-2021) e número de exemplares impresos. Referencias FGEE.

	2003	2007	2011	2021
Tirada media	1.592	1.643	1.473	1.206
Exemplares	2,014	2,128	2,340	0,927

Dende 2003 a **tendencia é a reducir a tirada media**, acentuándose na última década a diminución do número de exemplares impresos.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

7-. Volume de edición en galego (1993-2019) de obra traducida. % Referencias ISBN.

	<i>1993</i>	<i>2003</i>	<i>2013</i>	<i>2019</i>
Orixinal	86,7	82,2	87,0	82,7
Traducida	13,3	17,8	13,0	17,3
Nº traducións	141	326	185	217

Dende 1993 a **porcentaxe de obra traducida publicada en galego está arredor do 15 %**. O número de traducións arredor de 200.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

8-. Volume de edición en galego (1993-2019) por número de edicións. % Referencias ISBN.

	<i>1993</i>	<i>2003</i>	<i>2013</i>	<i>2019</i>
1ª edición	89,5	82,6	78,5	98,6
Reedicións	13,3	17,4	21,5	1,4

Dende 1993 a porcentaxe de primeiras edicións sitúase, xeralmente, por riba do 80 %.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

9-. Facturación do libro em Galicia e do libro galego en millóns de euros (1994-2021). Cota de mercado do libro em galego. FGEE

<i>Ano</i>	<i>Vendas Galicia</i>	<i>Vendas galego</i>	<i>Cota libro galego</i>
1994	128 millóns €	12,00 millóns €	9,30 %
2003	131 millóns €	15,67 millóns €	11,96 %
2007	165 millóns €	22,00 millóns €	13,33 %
2011	157 millóns €	21,43 millóns €	13,64 %
2021	146 millóns €	16,60 millóns €	11,36 %

Corresponden a declaración das editoras ao cuestionario do Comercio interior do libro da FGEE.

A tendencia de incremento da facturación do libro en galego estabilizouse entre 2007 e 2022, diminuíndo dende entón. **A cota do libro galego** sitúase nestas dúas últimas décadas arredor do **12,00 %**.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

10-. Facturación da edición en galego por tipo de edición en % (2003-2021). Referencias FGEE.

Ano	2003	2007	2011	2021
Texto	33,5	49,6	52,9	32,8
Literatura	13,7	12,0	13,2	15,2
LIX	13,2	18,2	18,9	35,2
Resto	39,6	20,2	15,0	16,8
Millóns €	15,67	21,98	21,43	16,60

Até os anos posteriores á pandemia, o libro de texto lideraba a edición en galego. **Na actualidade o primeiro subsector é o do libro infantil e xuvenil**, sendo a literatura o que amosa un comportamento máis homoxéneo de arredor do 13,50 %.

É moi significativo que dende 2003 os tipos de edición promocionados na **canle escolar supuxeron arredor do 65,0 % da facturación do libro en galego**: 46,7 % (2003), 67,8 % (2007) e 71,8 % (2011) e 68,0 % (2021).

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

11-. Pagamentos de dereitos de autoría en millóns de euros (2003-2021). FGEE

<i>Ano</i>	<i>Pagamento dereitos</i>
2003	1,10 millóns €
2007	1,60 millóns €
2011	1,56 millóns €
2021	1,50 millóns €

Corresponden a declaración das editoras ao cuestionario do Comercio interior do libro da FGEE. A tendencia da última década de pagamento de dereitos de autoría sitúase arredor de **millón e medio de euros**.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

12-. Emprego nas empresas editoras do libro galego (2003-2021). FGEE

<i>Ano</i>	<i>Nº editoras</i>	<i>Nº traballadores/as</i>
2003	25	253
2007	43	318
2011	48	236
2021	42	171

Os datos corresponden aos declarados polas editoras no cuestionario do Comercio interior do libro da FGEE.

A tendencia da última década sitúase na **diminución de empregos no sector e a estabilización do número de editoras** arredor da corentena, formando parte a metade delas de grupos editoriais.

DATOS DA EDICIÓN EN GALEGO (1983-2023)

13-. Impacto en Galicia da hibridación: nº de títulos e % de libro impreso e libro dixital (2021-2022).

<i>Ano</i>	<i>Libro impreso</i>	<i>Libro dixital</i>	<i>Total</i>
2021	2.103 / 82,15 %	253 / 17,85 %	2.560
2022	2.014 / 80,30 %	514 / 19,70 %	2.608

Os datos corresponden á estatísticas do Ministerio de Cultura sobre a edición de libros. Non se proporcionan datos detallados por linguas de edición.

A **tendencia sitúa a edición en Galicia do libro dixital en porcentaxes achegadas ao 20,00 %.**